

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A
COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DE VIGO (ARVI)**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou coa Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abarcou dende o 22 de marzo de 2016 ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da “III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca”.

As accións específicas que se realizaron derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Acción de promoción dos produtos galegos do mar, especialmente dos produtos de calidade diferenciada e de marcas de calidade dentro das comidas do Congreso e das degustacións para a promoción do evento.
- Promover a asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.
- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, servizos de azafatas, edición de programas, intérprete, etc...).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.
- Busca de fórmulas que fagan compatible a protección dos fondos mariños coa necesidade humana de obter alimentos, argumento central da “Asamblea General Anual de la Asociación Europea de Organizaciones de Productores (AEOP)” que se enmarcará dentro desta III Conferencia Internacional, contribuíndo ao debate internacional sobre as necesidades de protección dos fondos mariños e a xestión de especies pesqueiras de ecosistemas demersales e bentónicos.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A “Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega” (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e a prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións estivo a organización da “ III Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca”.

Sendo a única asociación do sector da pesca, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que foi necesario establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

